

Prazas de persoal para os CFRs e CAFI

Ambas convocatorias chegan tarde un ano máis, consideramos que debe traerse á mesa sectorial inmediatamente despois da resolución do CXT de forma que as persoas que desexen presentarse ás prazas contan cun tempo mínimo para a elaboración dos proxectos.

A CIG-Ensino considera que, en aras dunha maior transparencia e operatividade, a Consellería ten que elaborar unha **listaxe de postos de persoal asesor** da Consellería e de Formación. É imprescindible saber que prazas están cubertas, desde cando, que persoas asesoras superaron os 6 anos e deben presentarse de novo en caso de querer continuar no posto e en que asesorías hai vacantes. Ano tras ano, facemos esta petición á Consellería que se nega por sistema; esta actitude delata unha evidente falta de transparencia.

Volvemos **solicitar que se creen prazas nos diferentes CFRs relacionadas coa normalización lingüística**, tan necesaria dez anos despois dun Decreto de Plurilingüismo que non fixo máis que abocar á progresiva perda de usos e de falantes da nosa lingua.

Celebramos que tratasen de corrixir a linguaxe non inclusiva tal como vimos reivindicando nas anteriores ocasións, porén segue habendo grallas neste sentido como no artigo 12 no que se fala de “asesor” ou “asesor técnico” ou nos baremos cando se fala de “catedráticos”.

No preámbulo, baseándose no carácter cambiante da sociedade, incídese na maior importancia da “profesionalización” do profesorado encargado da formación que mesmo ten un modelo de competencias específico e paralelo ao resto do profesorado. Se tanta

importancia se lle outorga, deberíanse incrementar o número de prazas.

Insistimos en que se debe **eliminar a entrevista** xa que só serve para afondar na subxectividade á que xa se presta o propio proxecto. **A administración di que a entrevista é irrenunciábel.**

Tamén se fai alarde de total subxectividade ao recorrer ao sistema de **nomeamento a dedo** en caso de prazas non cubertas. Esta sospeitosa libre designación debe deixar de ser unha práctica habitual. Propoñemos que se confeccione

Para evitar a sospeitosa libre designación, propoñemos que se confeccione unha listaxe de substitucións para estes postos

unha **listaxe de substitucións** para estes postos e, no caso de que as listaxes non foran suficientes, esiximos transparencia e publicidade, contando como mínimo co control sindical no caso de nomeamentos en comisión de servizos. En calquera caso, un nomeamento destas características ten que ser extraordinario e por un prazo improrrogábel de 1 curso; as prazas cubertas por este sistema deben ofertarse na convocatoria do seguinte curso.

A CIG-Ensino considera que é necesaria a **publicación dos criterios de avaliación anual** para saber se a persoa asesora vai continuar ou non no seu posto. **A decisión de renovación non pode ser arbitraria** nin estar supeditada á mera opinión dos responsábeis políticos da Consellaría.

Ao fío das prazas solicitamos os seguintes cambios:

- Que se manteña ao menos unha praza de **Infantil e primaria no CFR de Lugo**, que polo visto se vai converter nunha segunda de Organización escolar, non cuestionamos a necesidade desta segunda praza o que cuestionamos, e fortemente, é que en todo

Lugo só quede unha asesoría de infantil e primaria, a de Monforte. [Foi un erro da Consellaría, van saír prazas de Educación Primaria e Infantil en Lugo](#) -non a de organización escolar- e en [Pontevedra](#) -sairía unha soa de organización escolar-. Tamén nos comunican que no CFR de Vigo sairán 3 prazas de Educación Dixital, no lugar de 2.

- ☛ Que non se elimine a **Asesoría TIC en Burela**. No CFR de Burela hai dúas asesoras, que fixeron este ano 60 cursos e a formación de máis de 30 centros educativos, pretende a consellaría que este traballo o faga unha soa persoa. Deste o propio CFR estaba pedida unha praza máis de asesora dado o traballo realizado e a resposta é recortar unha das prazas. [A administración di que está valorado e non o pensan variar, ao final comprométese a estudalo de novo](#).
- ☛ **Asesorías de FP** de Lugo, A Coruña e Ourense das que si saen vacantes malia estar cubertas por persoas que sen levar 6 anos na praza, tampouco presentaron renuncia. Foron avaliadas se sabéreno? [A administración confirma, despois dun segundo requirimento pola nosa parte, que van ser cesadas despois dun análise do traballo feito. Admiten o erro na comunicación desta avaliación](#).

Os **proxectos** son puntuados en exceso, a nota mínima debería ser de 2 puntos no canto de 3. Esiximos a mención explícita dos criterios de avaliación que se aplicarán nes proxectos, o profesorado aspirante verase favorecido á hora de elaboralos.

A CIG-Ensino considera que, en calquera caso, **os proxectos deben ser presentados en lingua galega, e claro está, que todo o persoal candidato posúa o Celga IV**. [Aceptan o requisito do Celga IV para participar](#).

As **comisións de selección** deben estar integradas por docentes especialistas e non exclusivamente por cargos político-administrativos.

Consideramos que os **criterios de desempate** deben seguir a seguinte orde: antigüidade, formación e finalmente o proxecto. Na

convocatorias, aparece en primeira instancia a entrevista, o que favorece a subxectividade no momento de decantarse por unha persoa ou outra para unha praza determinada.

En canto á presentación de solicitudes (**artigo 7**), consideramos que se debe dar a posibilidade presencial ou telemática a elixir polas persoas aspirantes.

Baremo

Nos **artigo 2 e 3**. Advertimos unha gran confusión no uso dos termos “requisitos” e “perfís”. No **anexo I** o que para CAFI é requisitos, e CFR é perfís. O primeiro termo pode supoñer a exclusión da persoa que concursa, o segundo non. Poden aclarar esta diferenza?

Como se demostran os requisitos: integración de TIC ou habilidades sociais?

Que requisito é “Todas as familias profesionais”?

Artigo 3. Na alusión aos perfís do anexo VI ao que remite este artigo, como se demostran as competencias e subcompetencias que se supón que agora debe posuír a persoa asesora?

Na asesoría de “linguas”, enténdase “lingua inglesa”, esíxese un nivel mínimo de C1; entendemos que tamén as súa validación, non?. Tamén se requiren “altas capacidades de xestión e coordinación”; por que só nesta asesoría? E como se miden esas “altas capacidades”? Que significa o requisito “Flexibilidade en traballos multitarefas” e por que é exclusivo desta asesoría?

Adicional segunda. Os méritos que aleguen deberán estar referidos á data de finalización do prazo de solicitudes. Na anterior orde (a do 19), menciónase tamén explicitamente que tamén lles afecta aos requisitos.

No mesmo **Anexo I** seguen manténdose as asesorías “artístico-deportivas” e “lingüístico-social”, dous caixóns de xastre no que se inclúen materias “de segunda orde” fronte á asesoría de “linguas”; que debería chamarse, atendendo á realidade, “inglés”.